

## **ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2019**

**Centro propoñente:**

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

**Denominación da práctica:**

Plan Executivo de Calidade (PEC)

**Datas de desenvolvemento da práctica:**

Todo o curso

**Breve descripción da práctica:**

O PEC da ETSE está relacionado con todos os procesos clave do Sistema de Garantía da Calidade (SGC) que teñen que ver coa organización e desenvolvemento dos programas.

Ten como obxectivo básico establecer un marco de traballo documentado que permita profundizar nos principios xerais dos SGC. Ademais, serve de documento de referencia para a incorporación das persoas aos diferentes cargos de xestión da estrutura de calidade do centro (coordinadores de títulos, coordinadores de curso, etc.).

Recolle unha descripción detallada de todas as actividades periódicas, e algunas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas cos ámbitos da Calidade e da Seguridade. Así mesmo incorpora información sobre a xestión da información que se obtén, produce e difunde de cada unha no centro.

Define as características xerais das actividades e as peculiaridades no xeito en que se desenvolven en cada titulación de grao e máster (especialmente no que atinxe a responsables de desenvolvemento e tratamiento da información xerada). Ademais, establece unhas recomendacións sobre as datas do curso nas que se debe desenvolver cada actividade (que poden variar en función de circunstancias especiais).

No mes de xullo, no marco da Comisión de Calidade do Centro, avalíase o cumprimento para o curso que está a finalizar e establecese a nova versión en vigor para o curso seguinte. As Comisión de títulos refrendan o PEC.

As diferentes edicións do PEC están dispoñibles na paxina Web do plan de melloras do centro (<http://www.usc.es/etse/pmetse>). Actualmente se está a traballar coa cuarta edición do PEC.

Prégase brevidade e concisión na descripción da práctica. No caso de precisar máis espazo, pode agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 2 páxinas en total.

**Breve avaliación da eficacia da práctica:**

O PEC cumpre os dous obxectivos para o cal foi deseñado: establecer o procedemento de desenvolvemento de todas as accións do centro relacionadas coa calidade e favorecer a incorporación de novas persoas aos diferentes niveis do sistema de calidade.